

## EMILIO GÓMEZ EXPÓSITO

Emilio Gómez Expósito non titubea cando nos fala da súa vida, cóntao case sen emoción como se fora algo habitual todos os avatares polos que pasou.

Emilio nacera en 1930 en Xixón onde o seu pai ferrolán fora destinado como xefe de estación da Renfe pero case non estaba na casa, era un membro destacado do PC e pasaba longas temporadas na Unión Soviética. Despois estalou a guerra española e un día veu a casa, merendou e ese foi o último día que o viron. No ano 1937 Asturias cae en mans rebeldes e decide a República evacuar a miles de nenos para evitar o sufrimento e a fame da guerra. Moitos foron á URSS, Emilio e catro irmáns foron algúns deles. Moitos rapaces non querían ir e escapábanse. Cando saíron da escola foron levados directamente ó barco sen tempo a despedirse. Montaron nun cargueiro que se chamaba Kooperatsia. Os nenos non sabían onde ían e choraban. Atracaron en Londres e despois os montaron nun barco de pasaxeiros. Os centos de nenos ían cansos e mareados, moitos cheos de piollos e tristes. O chegar foron recibidos como heroes. No porto de Leningrado, había miles de persoas aclamándoos e cantando, Emilio con sete anos recórdao como se fora hoxe.

Despois leváronos á casa de acollida onde vivían e estudaban, en Pravda, preto de Moscú, nun colexio onde tiveron todo o que necesitaban: unha boa educación e unha vida san. Aprendían as materias de Historia, Matemáticas, Ciencias e Linguas pero tamén asistían a clase de baile, música e pintura. Alí estiveron varios anos, tiñan morriña pero estaban contentos porque sempre pensaron que volverían pero a República perdeu a guerra e eles eran fillos de “roxos”, non podían retornar.

A continuación a URSS entra na segunda guerra mundial e acabouse para eles a vida tranquila e cómoda. Tiveron que irse a Saratov, un pobo que quedara sen habitantes xa que foran evacuados a Siberia. Comían do que os veciños foran deixando, ás vece so patacas, as baixas temperaturas e a falta de estufas fixo que moitos enfermaran, entre eles Emilio que tivo que pasar tres anos nun hospital por ter contraído a tuberculose, moitos non superaron as enfermidades e morreron. No tempo de convalecencia aficionouse á música. Despois estudou, fixo a carreira de enxeñeiro técnico e coñeceu a Nina que sería a súa muller. Nina rematara os estudos de contabilidade e ía ser destinada a Ucraína polo que decidiron casar de contado para poder estar xuntos. Non houbo tempo a preparar a cerimonia e o banquete de voda foi un bocadillo.

Despois viven en Moscova onde Emilio traballa no departamento de arquitectura do Concello.

No 1954 recibe a primeira carta de España, el xa tivera o seu primeiro fillo e matina en volver. Emilio tiña moi boas relacións coa familia da súa muller. No ano 1956 decide volver a España e convence a Nina e embarcan os dous en Crimea xunto con outros catrocentos “nenos” con destino a Valencia. O recibiron no porto de Valencia decenas de militares pero estaba contento por volver. Alí Emilio ensínalle a Nina como son as laranxas que lle prometera que tomaría a diario.

Despois traballa no mundo da construción en Lugo e en Coruña e realiza moitos edificios, entre eles moitas escolas encargadas polo réxime franquista.

Volveu á terra dos seus pais, xa está xubilado, fai estupendos cadros e segue sendo aficionado á música.

Emilio vive en Oleiros e segue facendo con moito cariño o zume de laranxa cada mañá a Nina antes de levala ó centro de día.